

EXPEDIENTE 6720/2021

ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO NO CONCELLO DE VIVEIRO O VENRES 18 DE MARZO DE 2022, NA QUE RESOLVEN OS ESCRITOS E RECLAMACIÓN PRESENTADAS AO PROCESO DE SELECCIÓN E SE FORMULA A PROPOSTA FINAL DO TRIBUNAL PARA A CONTRATACIÓN DUN FUNCIONARIO/A ADMINISTRATIVO/A (EXPTE. 6720/2021).

<i>Día de celebración</i>	Venres, 18 de marzo de 2022
<i>Hora</i>	11.00 horas
<i>Lugar</i>	Sala de Xuntas do Concello de Viveiro

Ás 11.00 horas do venres, 18 de marzo de 2022, reúnese o Tribunal constituído para a selección, como persoal funcionario de carreira, dun administrativo/a para prestar servizos no Concello de Viveiro, aos efectos de resolver as reclamacións presentadas e formular a Proposta do Tribunal do candidato/a seleccionado/a, así como a correspondente lista de reserva, atendendo ao establecido nas bases 12, 13 e 14 das Bases xerais e específicas da convocatoria e conforme aos antecedentes de todo o proceso, probas realizadas, reclamacións presentadas e cualificacións finais obtidas polos aspirantes presentados.

Á hora sinalada para o acto, reúnese o Tribunal, constituído en sesión de 17 de xaneiro de 2022, integrado polas seguintes persoas:

<i>Presidente</i>	D. Xesús Arrizado Yáñez	Técnico asesor Xefe de Servizo de Recursos Humanos e asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.
<i>Vogais</i>	D. José Domingo Rodríguez Ferreira	Asesor técnico no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.
	D. Eduardo Otero Pardo	Técnico de informática Concello de Viveiro
	D ^a . María Luz Balsa Rábade	Secretaria Xeral do Concello de Viveiro
<i>Secretario-Vocal</i>	D. José Vivero Russo	Funcionario administrativo do Servizo de Contratación do Concello de Viveiro

O Sr. Presidente declara aberta a sesión, que se desenvolve conforme a tres actos: 1) Resolución de escritos e reclamacións; 2) Antecedentes do expediente previos a emisión da Proposta do Tribunal; 3) Proposta final do Tribunal.



1 RESOLUCIÓN DE ESCRITOS E RECLAMACIONES

Dase conta dos escritos e reclamacións dos seguintes aspirantes presentados ao proceso:

Alegacións á primeira proba

	Apelidos e nome	Códigos exame	Rexistro de entrada do escrito	Data de presentación	Objeto do escrito
1	Varela Varela M ^a Victoria	144/2	2022-E-RE-188	29.01.2022, 14.40 horas	Anulación da pregunta 9 e da 3 de reserva do exame

Escritos á segunda proba

	Apelidos e nome	Código exame	Rexistro entrada do escrito	Data de presentación	Objeto do escrito
1	Ramos Siaba M ^a Magdalena	14	2022-E-RE-516	11.03.22, 14.03 h.	Copia do enunciado do 2º exercicio do exame e das táboas aportadas para a súa resolución, segundo o estipulado no enunciado.
2	Rozas Álvarez Ero	37	2022-E-RE-556	16.03.22, 18.47 h.	Acceso dos arquivos avaliazos e modelo de ambos exercicios

Alegacións á segunda proba

	Apelidos e nome	Código exame	Rexistro de entrada do escrito	Data de presentación	Objeto do escrito
1	Veiga Pereira Alba	15	2022-E-RC-1415	14.03.22, 07.50 h.	Revisión puntuación exame
2	Saavedra González José M.	34	2022-E-RE-526	14.03.22, 08.27 h	Revisión puntuación exame
3	González Fernández Natalia	19	2022-E-RE-573	17.03.22, 16.44 h.	Revisión exame e puntuación.
4	Ramos Siaba M ^a Magdalena	14	2022-E-RE-577	17.03.22, 21.00 h.	Revisión puntuación exame.



RESOLUCIÓN FEITAS POLO TRIBUNAL

Reclamación presentada á primeira proba

M^a Victoria Varela Varela. Alegación á primeira proba

	Apelidos e nome	Códigos exame	Rexistro de entrada do escrito	Data de presentación	Objeto do escrito
1	Varela Varela M ^a Victoria	144/2	2022-E-RE-188	29.01.2022, 14.40 horas	Anulación da pregunta 9 e da 3 de reserva do exame

No seu escrito a candidata solicita a anulación da pregunta 9, aducindo un erro no enunciado da pregunta; solicita así mesmo anular a pregunta 3 de reserva polo mesmo motivo, todo iso con base nas seguintes alegacións:

Exposición resumida da alegación	Decisión do Tribunal
Erros no enunciado do primeiro exercicio: ➔ Na pregunta 9, a opción a) di textualmente que "...artigo 3 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas" e o nome correcto da citada Lei é "de Réxime Xurídico do Sector Público". ➔ Na pregunta 3 de reserva, a opción b) di textualmente "Disposición xera!" e o Título I da LO 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantías dos dereitos dixitais denominase literalmente "Disposicións xerais".	A pequena incorrección na denominación do enunciado literal da norma non prexulga que sexa esa a norma e o artigo que se indica e tampouco leva a equívoco sobre a resposta correcta, podendo comprobarse claramente cal é a resposta correcta entre todas as opcións. En relación a impugnación da pregunta 3 de reserva, sinalar que non foi utilizada para cualificar o exame, polo que resulta irrelevante esta alegación.

Con base nos antecedentes anteriores, o Tribunal, por unanimidade, desestima as alegacións presentada por *María Victoria Varela Varela* contra o primeiro exercicio da oposición.

Escritos presentados á segunda proba

María Magdalena Ramos Siaba. Petición de documentos á segunda proba

	Apelidos e nome	Código exame	Rexistro entrada	Data de presentación	Objeto do escrito
1	Ramos Siaba M ^a Magdalena	14	2022-E-RE-516	11.03.22, 14.03 h.	Copia do enunciado do 2º exercicio do exame e das táboas aportadas para a súa resolución, segundo o estipulado no enunciado.

En relación ao escrito presentado por dona *María Victoria Varela Varela*, o Tribunal, por unanimidade, decide facilitarlle copia e acceso aos documentos solicitados.

Ero Rozas Álvarez. Petición de documentos á segunda proba

	Apelidos e nome	Código exame	Rexistro entrada	Data de presentación	Objeto do escrito
1	Rozas Álvarez Ero	37	2022-E-RE-556	16.03.22, 18.47 h.	Acceso dos arquivos avaliados e modelo de ambos exercicios

En relación ao escrito presentado por don *Ero Rozas Álvarez*, o Tribunal, por unanimidade, decide facilitarlle copia e acceso aos documentos solicitados.

Alegacións á segunda proba

Alba Veiga Pereira. Alegación presentada á segunda proba

	Apelidos e nome	Código exame	Rexistro de entrada do escrito	Data de presentación	Objeto do escrito
1	Veiga Pereira Alba	15	2022-E-RC-1415	14.03.22, 07.50 h.	Revisión puntuación exame

Esta candidata sinala que na segunda proba obtivo unha puntuación total de 2 puntos e que non está conforme coa puntuación asignada polas seguintes razóns:

Con respecto ao primeiro exercicio:

	Exposición resumida da alegación	Decisión do Tribunal
1	Redacción encabezado Califícase con 0 puntos, sendo a puntuación máxima posible 1 punto. No exercicio indica respecto ao encabezado: "(...)". Manifesta que, cumprindo coas indicacións datas (anagrama, nome e medidas), entende que a puntuación non é correcta.	Outórganselle 0 puntos por non confeccionar o encabezado da notificación, denotando que a aspirante está a confundir na súa alegación o encabezado dunha notificación co encabezado da maquetación. .
2	Pé de recurso Califícase con 0 puntos, sendo a puntuación máxima posible 1 punto.	O pé de recurso refírese á confección do pé de recurso que debe levar toda notificación, non constando confeccionado no exame da aspirante.
3	Notificación Califícase con 0 puntos, sendo a puntuación máxima posible 1 punto. Indica que confeccionou o arquivo combinado, tal e como se pedía, resultando un arquivo de tres páxinas, unha por cada un dos interesados que figuraban na folia de cálculo.	Outórganselle 0 puntos porque se creou un arquivo combinado, pero non se creou un arquivo combinado dunha notificación como se esixía no exame, senón que simplemente se usou a resolución outorgada aos aspirantes para confeccionar a notificación e creouse directamente o arquivo combinado sobre ela.
4	Maquetación Califícase con 0,20 puntos nos apartados a) e b) e 0,10 o apartado e). Sinala que posto que no propio enunciado do exercicio non indica a que especificacións se refire, non lle é posible saber que é o que determinada a puntuación mencionada, así como a calificación de 0 nos apartados c) e d).	O apartado c) refírese ao tipo de letra, en onde se esixía "Arial 12" e o documento está en "Verdana 11". O apartado d) refírese ao marxe do documento, en onde vemos que o marxe de pé de páxina non coincide co esixido, considerándose as marxes do documento como un todo, o que leva a outorgarlle á aspirante neste apartado 0 puntos.



Con respecto ao segundo exercicio:

Exposición resumida da alegación		Decisión do Tribunal	
1	Folla de cálculo	Califícase con 0,25 puntos, sendo a puntuación máxima posible 2 puntos. Na folla de cálculo confeccionada recóllense todos e cada un dos datos que se piden: importe do complemento (5% s/recaudado), data de presentación da solicitude, se esta se realiza no prazo ou non, e se a resolución ha de ser ou non estimada, polo que non entende a puntuación asignada por este apartado.	Na creación da folla de cálculo observamos que nos datos figura <i>María Sánchez Marín</i> con data de presentación o 2 de marzo, e a data de apertura da presentación do documento é o 13 de marzo, polo que a devandita funcionaria está fora de prazo. En canto ao cálculo de complementos, a todas as persoas se lles aplicou un complemento similar, cando debería aplicárselles o 5% sobre o importe recaudado; a fórmula introducida non resulta correcta, posto que os cálculos están mal realizados, non contando con distribución proporcional en base ao importe recadado, tal e como se esixía, polo que a táboa non está correctamente elaborada.
2	Apartado A	Califícase con 0 puntos, sendo a puntuación máxima posible 1 punto. O enunciado indica o seguinte respecto ao apartado a): "(...)". Polo que se desprende do propio enunciado, no apartado a) estaría incluído o apartado "folla de cálculo"; polo tanto, ambos apartados poderían acadar unha puntuación global de 3 puntos. Como se sinalou no apartado anterior, os datos que o enunciado indicaba incluíronse todos na folla de cálculo; polo que a puntuación asignada neste apartado non sería correcta.	Califícase con 0 puntos dado que o complemento a percibir por cada funcionario atópase mal calculado, incluíndo a maiores a un funcionario que non tería dereito a gratificación.
3	Apartado B	Califícase con 1 punto, sendo a puntuación máxima posible 1 punto.	---
4	Apartado C	Califícase con 0,25 puntos, sendo a puntuación máxima posible 1 punto. Neste apartado o enunciado indica expresamente o seguinte: "(...)" Realizouse a resolución estimando ou denegando en función de si se cumpren ou non os requisitos, utilizando a combinación de correspondencia.	No apartado c) esíxese unha resolución conxunta e a aspirante realiza unha resolución individual a cada funcionario, sen incluír motivación nin importes, polo que se lle asignan 0,25 puntos.

Con base nos extremos anteriores, o Tribunal, por unanimidade, desestima as alegacións presentadas por *dona Alba Veiga Pereira*.

José Manuel Saavedra González. Alegación á segunda proba

	Apelidos e nome	Código exame	Rexistro de entrada do escrito	Data de presentación	Objeto do escrito
2	Saavedra González José M.	34	2022-E-RE-526	14.03.22, 08.27 h	Revisión puntuación exame

Solicita a revisión e corrección das puntuacións outorgadas no exercicio e aclaracións concretas á puntuación outorgada en cada apartado, con base nas seguintes alegacións:



Exposición resumida da alegación		Decisión do Tribunal
1	<p>Maquetación</p> <p>No apartado de maquetación unicamente se lle otorgan 0,45 puntos, cando os <i>ítems</i> solicitados foron realizados na súa totalidade seguindo as instrucións indicadas, descoñecendo o motivo da puntuación de 0 puntos na maioría dos apartados, sinalando que entende que nesta proba unicamente se valoraban coñecemento no uso de aplicación ofimática, polo que non está de acordo coas puntuacións outorgadas</p>	<p>En primeiro lugar, cómpre ter en conta que os exercicios se realizan conforme ás bases e ao contexto do temario establecido. Neste senso este segundo exercicio versa sobre contidos informáticos e ofimáticos aplicados ás funcións a desempeñar no posto segundo o temario previsto nas bases. No apartado a) (encabezado de documento), o tamaño do escudo non se corresponde co esixido, polo que se lle asignan 0,05 puntos. No apartado c) (tamaño e tipo de letra) esixíase "Arial 12", e no seu exame aparecen distintos tipos de letra e tamaños. Tamén se atopan incorrectos no apartado d) os marxes do pé do documento, sendo considerados os marxes do documento un todo, o que motiva neste apartado o outorgamento de 0 puntos.</p>
2	<p>Redacción da notificación</p> <p>Na parte de redacción da notificación outorganselle 0,25 puntos pola creación do arquivo combinado, cando este foi realizado por completo incluíndo todos os campos combinados da taboa e xerando os arquivos pdf combinados por cada un dos rexistros.</p>	<p>Ainda que polo aspirante creáronse e gardáronse os documentos esixidos, éstos, pola súa redacción, non se poden considerar unha notificación, polo que se lle asignan 0,25 puntos pola creación dos documentos.</p>
3	<p>Encabezado</p> <p>Na parte de encabezado da resolución outorganselle 0 puntos, descoñecendo o motivo de tal puntuación.</p>	<p>Na devandita Resolución non consta ningún encabezado desta. Non se fixo o encabezado da Resolución.</p>
4	<p>Pé de recurso</p> <p>Na parte de pé de recurso, outorganselle 0 puntos, descoñecendo se dita puntuación se debe a non indicar os recursos correctos ou a un uso incorrecto das "reglas" en combinación de correspondencia.</p>	<p>Idem que o anterior. Non aparece confeccionado o pé de recurso necesario en toda notificación.</p>
5	<p>Apartado c)</p> <p>No apartado c) do exercicio de cálculo outorganselle 0,25 puntos dun total de 1 punto pola redacción de resolución conxunta e inclusión de taboa, descoñecendo nesta parte o motivo de dita puntuación se nos atemos a unha estricta valoración de coñecementos de aplicación ofimática e non a criterios de tipo de resolución.</p>	<p>Observando a Resolución conxunta podemos ver que na taboa de gratificación atópase fora de marxe con respecto ao texto do documento. Por outra banda, a resolución non conta con parte de antecedentes e parte dispositiva, non podendo considerarse correcta.</p>
6	<p>Apartado a)</p> <p>No apartado A de cálculo outórganselle 0,25 puntos dun total de 1 punto polo cálculo de gratificacións, presentación de resultados, etc. A taboa está realizada con fórmula "si", tendo en conta o critero indicado, computando desde o día posterior, dando formato de moeda ao que corresponde así formato data á celdas data.</p>	<p>Ao comprobar se as solicitudes dos funcionarios realizáronse dentro de prazo, obsérvase que a <i>María Sanchez Marín</i> asígnaselle unha gratificación, cando a data de solicitude foi presentada fora de prazo ao facelo antes de abrirose este, non podendo considerar polo tanto correcto o cálculo das gratificacións.</p>

Con base nas fundamentación anteriores, o Tribunal, por unanimidade, desestima as alegacións presentadas por *don José Manuel Saavedra González*.



Natalia González Fernández. Alegación á segunda proba

	Apelidos e nome	Código exame	Registro de entrada do escrito	Data de presentación	Objeto do escrito
3	González Fernández Natalia	19	2022-E-RE-573	17.03.22, 16.44 h.	Revisión exame e puntuación.

No seu escrito, dona *Natalia González Fernández* sinala o seguinte:

- ➔ Que no segundo exercicio da proba, creou unha folla de cálculo co programa *Excel* partindo dunha folla de cálculo nova; en dito exercicio creou unha fórmula para concatenar o nome e os apelidos mostrados ata ese momento en diferentes celdas para que no seu gráfico no eixe das X mostrara o nome e os apelidos e non so un dato.
- ➔ Que á hora de gardar o exercicio os ordenadores onde se fixo a proba tiñan como predeterminado o programa *Libre Office* gardando a folla de cálculo como .ods e modificando dita fórmula, dando logo erro á hora de abrir a folla de cálculo *Excel*, non se percatou diso, ata que foi a imprimir o exercicio vendo que en dita fórmula había un erro que non fora da candidata.

A alegante roga ao Tribunal que procedan a comprobar que se se borra o que fixo o cambio de extensión, e queda a fórmula como a presentou a aspirante, que sería “=CONCATERNAR(*;*;*) sendo os asteriscos as referencias que veñen en dita fórmula soamente borrando o texto que hai entre ou igual e a palabra CONCATENAR ese texto que hai no medio insertouse no cambio de extensión. Indica que se a fórmula quedase como realmente a escribú, a folla de cálculo non daría erro e o aspirante tería outra nota tanto no apartado folla de cálculo, coma no apartado A.

Con base nos extremos anteriores, alega o seguinte:

	Exposición resumida da alegación	Decisión do Tribunal
1	Erro na fórmula ao gardarse o documento debido ao programa predeterminado.	Por parte o Tribunal xa se examinaron os exercicios coa aplicación ofimática correspondente á extensión dos arquivos presentados. A penalización realizouse por non ter en conta a presentación da solicitude de gratificación por parte da funcionaria <i>María Sánchez Marín</i> , que presentou a solicitude o día 2 de marzo, anterior á apertura de prazo, que era o 15 de marzo, polo que non pode considerarse correctos os cálculos das gratificacións.

Con base nas fundamentacións anteriores, o Tribunal, por unanimidade, desestima as alegacións presentadas por *dona Natalia González Fernández*.

Mª Magdalena Ramos Siaba. Alegación á segunda proba


	Apelidos e nome	Código exame	Registro de entrada do escrito	Data de presentación	Objeto do escrito
4	Ramos Siaba Mª Magdalena	14	2022-E-RE-577	17.03.22, 21.00 h.	Revisión puntuación exame.



María Magdalena Ramos Siaba, solicita se proceda á aclaración e revisión dos seguintes apartados:

Con respecto ao primeiro exercicio da segunda proba:

	Exposición resumida da alegación	Decisión do Tribunal
1	<p>Apartado de creación da notificación no subepígrafe "Redacción correcta do pé de recurso"</p> <p>a) Que se ben no exercicio se indica que hai actos de trámite e actos que poñen fin á vía administrativa, cómpre indicar que as resolucións de Alcaldía sempre poñen fin á vía administrativa, polo que o recurso a utilizar sería exactamente igual ao dos restantes casos do exercicio. Así mesmo, a <i>Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administración común das Administración Públicas</i>, establece que os actos de trámite non poden ser recorridos baixo ningunha tipoloxía de recuso administrativo. En base neste, a alegante di que a combinación de correspondencia referencia ao apartado "<i>acto de trámite</i>" debe ser considerada nula, pois non procede a inclusión de ningún tipo de recurso, e se se anulase, o apartado pé de recurso sobre do acto trámite, non debería ser valorado ao non proceder, por ser nulo o apartado do acto de trámite.</p> <p>b) Que na redacción do pé de recurso efectuado só se atopa un erro, pois en lugar de Xulgado contencioso-administrativo de Lugo puxo Xulgado contencioso-administrativo de Viveiro, sendo que non é obrigatorio saber onde se atopa o Xulgado contencioso-administrativo aplicable a Viveiro, por non entrar dentro do temario. Polo que, da valoración de 0,75 puntos sobre 2 parcelle demasiado baixa e solicita a súa revisión.</p> <p>c) Que non entende a aplicación neste punto da forma de puntuar, xa que, se hai que facer varias combinacións de correspondencia, éstas deberían puntuar de forma proporcional, é dicir, se son 4, deberían puntuar 0,5 cada combinación de correspondencia. Solicita aclaración acerca do reparto dos puntos neste apartado.</p>	<p>A notificación dun acto de trámite contra o que non cabe recurso debe recoller precisamente que contra ese acto non cabe a interposición de recurso por tratarse dun acto de trámite, polo que non cabe alegar nulidade algunha no plantexamento da proba, debendo a aspirante no pé de recurso recoller precisamente a imposibilidade de interposición de recurso, e non aplicar o mesmo pé de recurso para os actos de trámite que para os actos que poñen fin á vía administrativa, posto que recolleu para todas as notificacións o pé de recurso correspondente aos actos que poñen fin á vía administrativa, o que determina que non poida recibir puntuación pola parte correspondente ao pé de recurso a recoller na notificación dun acto de trámite.</p> <p>Neste punto enténdese que procede estimar a alegación formulada pola aspirante no tocante á ubicación do Xulgado Contencioso-Administrativo aplicable ao municipio de Viveiro, atendendo ao temario esixido, polo que, tendo en conta que pola elaboración correcta do pé de recurso contra os actos que poñen fin á vía administrativa tiña outorgado 0,75 puntos, enténdese que procede outorgar 1 punto (subindo 0,25 puntos neste apartado a puntuación outorgada).</p> <p>A combinación de correspondencia enténdese un proceso automático, polo que é un so exercicio a realización do cuestionario, tanto sexan 5 como 40 interesados. A combinación debe contar co elemento para combinar e elemento combinado, non constando ambos.</p>
2	<p>Maquetación</p> <p>Do exercicio 1, do apartado "maquetación de exercicio", segundo o especificado é 1 punto con 0,20 por cada especificación, sendo que non queda claro se son 5 ou 6 especificacións (anagrama do Concello, nome do Concello, núm. de opositor, núm. de páxina, tamaño e tipo de letra e marxes do documento), co cal, a puntuación debería ser ou ben un máximo de ata 1,20 puntos se se outorgan 0,20 por cada un ou ben 0,15 por cada un deles, ata un máximo de 1 punto. Solicita aclaración da distribución da puntuación e qué se valora en cada especificación se son 5.</p> <p>No cadro de puntuación solicita a revisión de dous epígrafes que non se sabe se o son ou non segundo a táboa de puntuacións, xa que non identifica correctamente a qué punto de maquetación se corresponden e que, segundo o seu documento, están correctamente insertados (o epígrafe a) anagrama con 0,05 puntos e o epígrafe pé de páxina con 0, mesmo que sí aparece insertado no documento). Solicita aclaración de este punto.</p>	<p>A puntuación en canto a maquetación eran 5 apartados, polo que a cada un se lle asignan 0,20 puntos. Apartado a (encabezado do documento; apartado b (pé de páxina); apartado c (tamaño de letra); apartado d) (marxes) e apartado e (garda de documentos).</p> <p>No apartado a) de encabezado pasa de 0,05 a 0,20 puntos, ao comprobar que os tamaños do escudo e anagrama están correctos. (incrementábase polo tanto neste apartado a puntuación da aspirante en 0,15 puntos). Nas marxes está incorrecta a marxe do pé de páxina, polo que considerando as marxes un todo recibe nese apartado 0 puntos.</p>



Con respecto ao segundo exercicio:

Exposición resumida da alegación		Decisión do Tribunal
1	Creación da folia e cálculo	Solicita a revisión da puntuación dos apartados creación da folia de cálculo e do apartado a), ao endenter que a puntuación é demasiado baixa.
		Vista a folia de cálculo presentada, obsérvase que o cálculo das datas non se realizan con fórmula, senón manualmente, non incluíndo os prazos dentro da fórmula polo que se lle asignan os 0,25 puntos na creación da táboa e cálculo de gratificacións.

En relación ás alegacións presentadas por dona María Magdalena Ramos Siaba, o Tribunal, por unanimidade, adopta as seguintes decisións:

- Desestimar as alegacións presentadas aos apartados b) e c) correspondentes á creación da notificación, no subepígrafe “Redacción do pé de recurso” e na creación da folia de cálculo.
- Estimar as alegacións presentadas nos apartados a) de creación da notificación (que pasa de 0,75 a 1 punto) e de maquetación, apartado a) (que pasa de 0,05 a 0,20 puntos), quedando a súa puntuación total co seguinte detalle:

Aspirante	Redacción encabezado	Redacción pé recurso	Creación notificación	MAQUETACIÓN					EXERCICIO 2			TOTAL	
				Ap. A	Ap. B	Ap. C	Ap. D	Ap. E	Folia cálculo	Ap. A	Ap. B		Ap. C
14	1	1	0,5	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0,25	0,25	1	0	4,8

2 ANTECEDENTES PREVIOS Á PROPOSTA DO TRIBUNAL

Documentación pola que se regulou o proceso selectivo e antecedentes

- Bases xerais, específicas e anexos polas que se establecen as normas para a praza de funcionario administrativo da oferta de emprego público do ano 2018, asinadas pola Alcaldía o 10 de agosto de 2021.
- Resolución de Alcaldía de 7 de setembro de 2021, pola que se aproba o gasto ao que ascende a retribución correspondente, aprobación das bases reguladoras das probas selectivas para a provisión en propiedade da praza vacante, aprobación da convocatoria do proceso selectivo e orde de publicación de anuncios de convocatoria con publicación do texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia, no Taboeiro de Anuncios e no Taboeiro dixital na sede electrónica e na páxina web, así como no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.
- Anuncio publicado no Boletín Oficial da provincia de Lugo núm. 209, do venres, 10 de setembro de 2021, con publicación íntegra das bases reguladoras e os seus anexos, aprobadas pola Alcaldía o 7 de setembro de 2021 e posterior publicación de corrección de erros no Boletín Oficial da provincia núm. 214 do xoves 16 de setembro de 2021.
- Publicación da Convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 184 do xoves 23 de setembro de 2021.
- Publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado núm. 240 do xoves 7 de outubro de 2021, outorgando un prazo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao desta publicación, prazo que quedou comprendido entre o venres 8 de outubro e o luns 8 de novembro de 2021.



6. Solicitudes presentadas por todos os candidatos.
7. Resolución de Alcaldía de 25 de novembro de 2021 aprobando a **lista provisional de admitidos e excluídos** ao proceso selectivo e apertura do prazo de alegacións durante 10 días hábiles a contar desde a publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Esta Resolución tamén foi publicada para coñecemento dos interesados no Taboleiro de anuncios dixital e na web do Concello.
8. Publicación no Boletín Oficial da Provincial de Lugo núm. 273 da lista provisional de admitidos e excluídos, outorgando un prazo de presentación de alegacións de 10 días hábiles contados desde a publicación deste anuncio.
9. Resolución de Alcaldía de 20 de decembro de 2021 relativa á lista definitiva de admitidos e excluídos e nomeamento do Tribunal de selección.
10. Publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 295 do lunes 27 de decembro de 2021 da anterior Resolución de Alcaldía da lista de admitidos e excluídos.

Desenvolvemento do proceso selectivo

Segundo consta na **acta da sesión de 20 de xaneiro de 2022** para a realización do primeiro exercicio presentáronse 66 candidatos, identificados cada un deles co seu correspondente número de código, coa superación da primeira proba por 41 candidatos, todo iso conforme ao seguinte resultado:

Número	Ben	Mal	Branco	Puntos Ben	Puntos Mal	Nota
150	35	1	4	8,75	0,125	8,625
17	35	4	1	8,75	0,500	8,250
110	34	2	4	8,5	0,250	8,250
112	34	3	3	8,5	0,375	8,125
105	33	6	1	8,25	0,750	7,500
129	31	3	6	7,75	0,375	7,375
130	33	7	0	8,25	0,875	7,375
20	31	4	5	7,75	0,500	7,250
109	31	4	5	7,75	0,500	7,250
127	32	6	2	8	0,750	7,250
144	31	5	4	7,75	0,625	7,125
114	31	6	3	7,75	0,750	7,000
123	31	6	3	7,75	0,750	7,000
146	30	4	6	7,5	0,500	7,000
125	31	7	2	7,75	0,875	6,875
131	30	6	4	7,5	0,750	6,750
132	28	2	10	7	0,250	6,750
104	30	7	3	7,5	0,875	6,625
117	30	7	3	7,5	0,875	6,625
136	29	5	6	7,25	0,625	6,625
21	30	8	2	7,5	1,000	6,500
81	28	4	8	7	0,500	6,500
147	29	6	5	7,25	0,750	6,500
133	27	3	10	6,75	0,375	6,375
140	26	1	13	6,5	0,125	6,375
84	28	6	6	7	0,750	6,250
111	27	4	9	6,75	0,500	6,250
77	27	5	8	6,75	0,625	6,125
99	29	9	2	7,25	1,125	6,125
115	25	1	14	6,25	0,125	6,125
134	26	3	11	6,5	0,375	6,125

Número	Ben	Mal	Branco	Puntos Ben	Puntos Mal	Nota
78	26	4	10	6,5	0,500	6,000
119	28	8	4	7	1,000	6,000
106	24	3	13	6	0,375	5,625
137	26	8	6	6,5	1,000	5,500
139	26	8	6	6,5	1,000	5,500
79	25	7	8	6,25	0,875	5,375
124	26	10	4	6,5	1,250	5,250
51	25	9	6	6,25	1,125	5,125
148	23	5	12	5,75	0,625	5,125
62	24	8	8	6	1,000	5,000
19	23	7	10	5,75	0,875	4,875
82	26	13	1	6,5	1,625	4,875
94	25	11	4	6,25	1,375	4,875
141	22	8	10	5,5	1,000	4,500
101	25	15	0	6,25	1,875	4,375
83	22	10	8	5,5	1,250	4,250
27	22	11	7	5,5	1,375	4,125
113	23	17	0	5,75	2,125	3,625
103	22	18	0	5,5	2,250	3,250
116	20	15	5	5	1,875	3,125
145	21	17	2	5,25	2,125	3,125
16	21	18	1	5,25	2,250	3,000
143	20	20	0	5	2,500	2,500
121	18	17	5	4,5	2,125	2,375
126	15	11	14	3,75	1,375	2,375
128	17	16	7	4,25	2,000	2,250
23	16	15	9	4	1,875	2,125
149	16	15	9	4	1,875	2,125
122	16	16	8	4	2,000	2,000
138	15	18	7	3,75	2,250	1,500
142	15	18	7	3,75	2,250	1,500
80	15	19	6	3,75	2,375	1,375
135	13	19	8	3,25	2,375	0,875
120	13	24	3	3,25	3,000	0,250
118	12	24	4	3	3,000	0,000

Segundo consta na **Acta do mércores 9 de marzo de 2022**, e a estimación parcial da reclamación presentada pola aspirante con número de código 14, as cualificacións correspondentes á segunda proba quedaron como segue:


Aspirante	Redacción encabezado	Redacción pé recurso	Creación notificación	MAQUETACIÓN					EXERCICIO 2			TOTAL	
				Ap. A	Ap. B	Ap. C	Ap. D	Ap. E	Folla cálculo	Ap. A	Ap. B		Ap. C
16	0	0	0,25	0	0	0	0	0,2	0,25	0,25	0	0	0,95
22	0	0	0,25	0,2	0,2	0,2	0	0,1	0,25	0	0,5	0,25	1,95
4	0	0	0	0	0,2	0,2	0	0	0,5	0	1	0,5	2,4
5	1	1,75	0,5	0,2	0,2	0	0	0,2	1,5	0,25	1	0	6,6
20	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
17	0	0	0,25	0,05	0,2	0,2	0	0,2	1,5	0,25	1	0,25	3,9
31	1	0,75	1	0,05	0,2	0,2	0	0,2	1,5	0,25	1	1	7,15
36	0,25	0	0	0,2	0,2	0,2	0	0,1	0,5	0,25	1	0	2,7
30	0	0	0	0,05	0,2	0,2	0	0,1	0,25	0,25	0,5	0	1,55
33	0	1	0,25	0,05	0,2	0	0	0,1	0,25	0	0	0	1,85
23	0	1	0,25	0,05	0,2	0	0	0,1	0,25	0	1	0	2,85

Aspirante	Redacción encabezado	Redacción pé recurso	Creación notificación	MAQUETACIÓN					EXERCICIO 2			TOTAL	
				Ap. A	Ap. B	Ap. C	Ap. D	Ap. E	Folla cálculo	Ap. A	Ap. B		Ap. C
40	0	0	0,25	0,05	0,2	0,2	0	0,2	0,25	0,25	1	1	3,4
19	1	1	1	0,2	0,2	0,2	0	0,2	1,5	0,25	1	1	7,55
10	0	0	0,25	0,05	0,2	0,2	0	0,2	0,25	0	1	0	2,15
6	0	1	0,5	0,05	0,2	0,2	0	0,2	1,5	0,25	1	1	5,9
34	0	0	0,25	0,05	0,2	0	0	0,2	1,5	0,25	1	0,25	3,7
9	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0	0,1	0,25	0,25	1	0,5	2,7
14	1	1	0,5	0,2	0,2	0,2	0	0,2	0,25	0,25	1	0	4,8
15	0	0	0	0,2	0,2	0	0	0,1	0,25	0	1	0,25	2
24	0,75	0	0,25	0,2	0,2	0,2	0	0,1	1,5	0,25	1	1	5,45
2	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0	0,1	0,25	0,5	1	0,25	2,7
18	0	0	0	0	0,2	0,2	0	0,1	0,25	0,25	0	0	1

Aspirante	Redacción encabezado	Redacción pé recurso	Creación notificación	MAQUETACIÓN					EXERCICIO 2			TOTAL	
				Ap. A	Ap. B	Ap. C	Ap. D	Ap. E	Folla cálculo	Ap. A	Ap. B		Ap. C
12	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
11	0	0	0	0,2	0,2	0,2	0	0,1	0	0	0	0	0,7
7	0	0	0	0,05	0,2	0,2	0	0,2	0,25	0,25	0	0	1,15
8	0	0	0	0,05	0,2	0,2	0	0,1	1,5	0,25	1	0	3,3
25	0	0	0	0,05	0,2	0,2	0,2	0,1	0,25	0	0	0	1
26	0	0	0	0,05	0,2	0,2	0	0,1	0	0	0	0	0,55
38	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
37	0	0	0,25	0,05	0,2	0	0	0,2	1	0,25	1	0,25	3,2
21	0,25	0	0,25	0,05	0,2	0	0	0,1	0,25	0	0	0	1,1
32	0	0	0	0,05	0,2	0,2	0	0,1	0,25	0,25	1	0	2,05
3	0	0	0	0,05	0,2	0	0	0,1	0,25	0,5	1	0	2,1

Segundo consta na Acta do venres 11 de marzo de 2022, as puntuacións totais dos 5 candidatos que superaron os dous exercicios do proceso selectivo, foi a seguinte:

CÓDIGO PRIMEIRA PROBA	CÓDIGO SEGUNDA PROBA	APELIDOS E NOME	Puntuación primeira proba	Puntuación segunda proba	Puntuación total	Convocatoria para a proba de galego (terceiro exercicio)
110	31	Fanego Candia Patricia	8,25	7,15	15,40	Exenta
104	19	González Fernández Natalia	6,625	7,55	14,175	Exenta
109	5	Vázquez Montes Tamara	7,25	6,6	13,85	Exenta
130	6	Fungeiriño Pazos José Luis	7,375	5,9	13,275	Exento
129	24	Torre Mahía Lidia	7,375	5,45	12,825	Exenta



O Tribunal de selección, vistos os candidatos e cualificacións obtidas na primeira proba (de carácter obrigatorio e eliminatorio), coa superación do exame por 41 candidatos,

Vistos os candidatos e cualificacións obtidas na segunda proba polos 33 candidatos finalmente presentados (proba igualmente de carácter obrigatorio e eliminatorio), coa superación do exame por 5 candidatos/as,

Revisadas as reclamacións presentadas por diferentes candidatos, tanto á primeira como a segunda proba da fase de oposición,

Visto igualmente que os cinco candidatos finalmente seleccionados non teñen que realizar a proba de galego, ao estar en posesión do Celga 5,

Conclúese co seguinte resultado de códigos identificativos nas dúas primeiras probas coas súas correspondentes cualificacións, segundo consta na acta de 11 de marzo de 2022:

CÓDIGO PRIMEIRA PROBA	CÓDIGO SEGUNDA PROBA	APELIDOS E NOME	Puntuación primeira proba	Puntuación segunda proba	Puntuación total	Convocatoria para a proba de galego (terceiro exercicio)
110	31	Fanego Candia Patricia	8,25	7,15	15,40	Exenta
104	19	González Fernández Natalia	6,625	7,55	14,175	Exenta
109	5	Vázquez Montes Tamara	7,25	6,6	13,85	Exenta
130	6	Funqueiriño Pazos José Luis	7,375	5,9	13,275	Exento
129	24	Torre Mahía Lidia	7,375	5,45	12,825	Exenta

Normativa reguladora para efectuar a Proposta do Tribunal

Dada conta dos antecedentes anteriores dase lectura ás bases 12, 13 e 14 das bases da convocatoria, que indican o seguinte:

12. Cualificación final

“A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados. (...)”

13. Proposta de selección

“O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica. A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de aprobados, na que constará o aspirante seleccionado, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia. Esta relación definitiva de aprobados conterá tamén a orde de aspirantes non seleccionados que superaron o proceso selectivo e non resultaron seleccionados, para conformar a lista de emprego establecida nas presentes bases.”



14. Orde de aspirantes non seleccionados

“O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que sen ser seleccionados superaron o proceso selectivo, quedando ordenados segundo as puntuacións acadadas na fase de oposición o para a súa incorporación nunha lista de emprego para nomeamentos por substitucións ou vacantes na mesma categoría profesional, en todo caso, para prazas de administrativo”.

3 PROPOSTA FINAL DO TRIBUNAL

Non tendo outros asuntos a tratar, os membros do Tribunal, revisadas as reclamacións presentadas ao proceso selectivo, comprobados os aspirantes que superaron a primeira e segunda proba e comprobado igualmente que os candidatos seleccionados están en posesión do Celga 4, e, polo tanto, non se lles é esixible realizar a proba de galego, ao abeiro das bases 12, 14 e 14 das bases xerais e específicas da Convocatoria, adoptan as seguintes decisións:

1. Desestimar as alegacións prentadas por dona *María Victoria Varela Varela* (contra a primeira proba) e dona *Alba Veiga Pereira, don José Manuel Saavedra González e dona Nataria González Fernández* (contra a segunda proba).
2. Estimar parcialmente a alegación presentada por dona *María Magdalena Ramos Siaba* nos apartados a) de creación da notificación (que pasa de 0,75 a 1 punto) e de maquetación, apartado a) (que pasa de 0,05 a 0,20 puntos), quedando a súa puntuación total coa cualificación de 4,8 puntos.
3. Propoñer como candidata seleccionada para o posto da praza de administrativa funcionaria do Concello de Viveiro, con base no proceso tramitado, con número de expediente 6720/2021, a dona **Patricia Fanego Candia**, por superar a primeira e segunda proba da fase de oposición, e estar exenta da realización da proba de galego, ao atoparse en posesión do Celga 4 e por ser a aspirante que obtivo a maior puntuación, todo iso con base nos seguintes datos:

CÓDIGO PRIMEIRA PROBA	CÓDIGO SEGUNDA PROBA	APELIDOS E NOME	Puntuación primeira proba	Puntuación segunda proba	Puntuación total
110	31	Fanego Candia Patricia	8,25	7,15	15,40



4. Propoñer como lista de reserva (lista de emprego), ao abeiro da base 14 das Bases xerais e específicas da convocatoria, aos seguintes aspirantes, por superar a primeira e segunda proba da fase de oposición e estar exentos da realización da proba de galego, ao atoparse en posesión do Celga 4, todo iso con base nas seguintes puntuación:

CÓDIGO PRIMEIRA PROBA	CÓDIGO SEGUNDA PROBA	APELIDOS E NOME	Puntuación primeira proba	Puntuación segunda proba	Puntuación total
104	19	González Fernández Natalia	6,625	7,55	14,175
109	5	Vázquez Montes Tamara	7,25	6,6	13,85
130	6	Fungueiriño Pazos José Luis	7,375	5,9	13,275
129	24	Torre Mahía Lidia	7,375	5,45	12,825

5. Elevar esta proposta á Alcaldía, no seu caso, para a súa Resolución de aprobación e publicación no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e posterior publicación da candidata seleccionada no Boletín Oficial da Provincia.

Non tendo outros asuntos a tratar, dáse por rematado o acto ás 13.30 horas do luns, catorce de marzo de dous mil vinte e dous, dando fe eu nesta acta, Secretario, de todo o acontecido, e asinándoa comigo todos os membros do Tribunal.

O Presidente do Tribunal, don *Xesús Arrizado Yáñez*.

Os Vogais,
don *José Domingo Rodríguez Ferreira, D. Eduardo Otero Pardo, D^a María Luz Balsa Rábade*.

O Secretario, don *José Vivero Russo*

Documento asinado dixitalmente á marxe.

